


SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE DOS CENTROS (GRAOS E MÁSTERS)

PROCEDEMENTO

Admisión, Evolución e Expedición de Títulos Oficiais

CÓDIGO AC-01 ÍNDICE 03

ELABORACIÓN	VALIDACIÓN	APROBACIÓN
Área de Calidade	Comisión de Calidade	Xunta de goberno
Data e sinatura 05/12/2024	Data e sinatura 16/12/24	Data e sinatura 11/02/205



Proceso

AC: Xestión Académica

Histórico de evolucións

ÍNDICE	DATA	ELABORACIÓN	MOTIVO DAS PRINCIPAIS MODIFICACIÓNS
01	25/05/2012	Unidade de Estudos e Programas	Nova creación, no marco do Plan Avante
02	18/03/2016	Área de Apoio á Docencia e Calidade	Evolución dos procedementos iniciais do ámbito de xestión: AC-01-04-PR 01, acceso a grao e AC-01-04-PR 02, e acceso a mestrado. Evolución e mellora do procedemento do ámbito académico: PC04 «Procedemento de selección-admisión e matriculación de estudantes».
03	05/12/2024	Área de Calidade	Fusión dos procedementos “AC-0104 Accesos e admisión”, “AC-0201 Matrícula” e “AC-0401 Expedición de Títulos oficiais” nun procedemento Nova Codificación. Engadir o recoñecemento de créditos.

Índice

I OBXECTO.....	4
II ALCANCE	4
III REFERENCIAS	4
IV DESENVOLVEMENTO	8
V ANEXOS	17

I OBXECTO

Definir a metodoloxía para xestionar a admisión nas titulacións oficiais de grao e máster nas diferentes posibilidades existentes.

Definir a metodoloxía para xestionar a matrícula para o estudantado de novo ingreso e de continuación, así como os procedementos de recoñecemento de créditos, simultaneidade de estudos oficiais, as modificacións ou anulacións de matrícula, e tamén o procedemento para a expedición dos títulos universitarios oficiais de grao e máster universitario da Universidade de Vigo.

II ALCANCE

O alcance deste procedemento esténdese ás titulacións oficiais de grao e mestrado adscritas ao centro.

III REFERENCIAS

III.1. Normas

A lexislación e a normativa xeral que afecta ao SGC dos centros está descrita no *Manual de calidade*. A lexislación que non está no Manual é a seguinte:

Lexislación

- Lei Orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do Sistema Universitario.
- Real Decreto 412/2014, do 6 de xuño, polo que se establece a normativa básica dos procedementos de admisión aos ensinos universitarios oficiais de grao.
- Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema Universitario de Galicia.
- Real Decreto 1002/2010, de 5 de agosto, sobre expedición de títulos universitarios oficiais.

Outros documentos de referencia:

- Universidade de Vigo:
 - Convocatoria de admisión, matrícula e avaliación das ensinanzas de grao para o curso 2024/25.
 - Normativa de permanencia e progreso do alumnado nas titulacións oficiais de grao e mestrado.
 - Normativa de admisión de estudantes con estudos universitarios iniciados na Universidade de Vigo ou noutra universidade española.
 - Regulamento polo que se establece o réxime de cambio de centro en titulacións de grao co mesmo plan de estudos na Universidade de Vigo.
 - Normativa de transferencia e recoñecemento de créditos da Universidade de Vigo.
 - Resolución reitoral pola que se aproban as normas económicas derivadas da xestión académica de titulacións oficiais.
 - Instrución da Vicerreitoría de Profesorado, Docencia e Titulacións 2/2022, do 28 de xullo de 2022, sobre o procedemento de matrícula condicionada nas titulacións de Mestrado.
 - Regulamento sobre a avaliación, a cualificación e a calidade da docencia e do proceso de aprendizaxe do estudantado.
 - Resolucións reitorais polas que se publican as convocatorias de admisión, matrícula e avaliación das ensinanzas de grao e posgrao da Universidade de Vigo.
 - Instrución da Secretaría Xeral na que se establece o procedemento que regula ante quen se solicita o SET e que órgano o expide.
 - Resolución Reitoral, de 17 de decembro de 2015, pola que se regula o procedemento de expedición de títulos universitarios oficiais na Universidade de Vigo.
- Xunta de Galicia
 - ORDE de 24 de marzo de 2011 pola que se regulan as probas de acceso ás ensinanzas universitarias oficiais de grao e o proceso de admisión ás tres universidades do SUG.
- Comisión Interuniversitaria de Galicia (CIUG)
 - Solicitudes de admisión (Preinscripción) para cursar ensinanzas universitarias oficiais de grao no Sistema Universitario Galego.

III.2. Definicións

- **Requisitos de acceso:** conxunto de requisitos necesarios para cursar ensinanzas universitarias oficiais en universidades españolas. O seu cumprimento é previo á admisión á universidade. (RD 412/2014)
- **Admisión:** adxudicación das prazas ofrecidas polas universidades españolas para cursar ensinanzas universitarias entre quen, cumprindo os requisitos de acceso, as solicitou.

- **Procedemento de admisión:** conxunto de actuacións que teñen como obxectivo a adxudicación das prazas ofrecidas polas universidades españolas para cursar ensinos universitarios oficiais entre quen, cumprindo os requisitos de acceso, as solicitou. As actuacións poden consistir en probas ou avaliacións, pero tamén na valoración da documentación que acredite a formación previa, entrevistas, e outros formatos que as universidades poidan utilizar para valorar os méritos das persoas candidatas ás prazas ofrecidas.(RD 412/2014)
- **Preinscrición:** É unha solicitude de admisión a unha titulación universitaria oficial, realizada por aquelas persoas que cumpren cos requisitos de acceso para cursar ensinos universitarios oficiais.
- **Alumnado de novo ingreso:** Estudantado que, no curso académico de referencia, comeza os seus estudos na Universidade de Vigo en 1º curso, por 1ª vez, sen ter en conta se previamente xa estiveron matriculados noutro plan de estudos en calquera outra universidade.
- **Alumnado de continuación:** Estudantado que, no curso académico de referencia continúa os seus estudos na Uvigo, ou realiza a admisión nos estudos mediante o procedemento de recoñecementos.
- **Curso Ponte:** Curso se debe realizar polas persoas que posúan un título de diplomado, mestre ou enxeñeiro técnico e desexen obter o corresponde título de grao.
- **Requisitos Formativos Complementarios:** Son requisitos que se establecen para equiparar os contidos formativos entre unha titulación estranxeira e a española que se pretende homologar. Poderán consistir na realización de prácticas, a superación dunha proba de aptitude, a elaboración dun traballo ou proxecto técnico ou académico, ou a superación dalgún curso académico.
- **Matrícula:** inscrición dunha persoa nun rexistro ou listaxe oficial.
- **Automatrícula:** inscrición dunha persoa nun rexistro ou listaxe oficial utilizando unicamente medios telemáticos.
- **NERTA:** Aplicación informática da CIUG que se utiliza para a xestión do acceso ao SUG.
- **Avaliación:** Consiste na estimación dos coñecementos, competencias e habilidades ou destrezas do estudantado, sen que necesariamente toda a avaliación esixa determinar unha cualificación.
- **Avaliación continua:** É a avaliación que se efectúa mediante un conxunto de probas ou actividades realizadas ao longo do período formativo vencellado á materia e que deben permitir valorar o progreso de cada estudante ao longo do devandito período.
- **Avaliación global:** a que se leva a cabo a través dunha “proba de avaliación global”, unha vez finalizado o período formativo vencellado á materia.
- **Guía docente:** é o documento que concreta a planificación dunha materia de xeito claro e preciso dentro dun plan de estudos definido. Constitúe o marco teórico que describe o proceso de ensino-aprendizaxe e supón un acordo entre os diferentes actores involucrados no seu desenvolvemento.

- **Matrícula a tempo completo:** Matrícula igual ou superior a 48 créditos, agás que reste menos de 48 créditos para rematar os estudos.
- **Matrícula a tempo parcial:** Matrícula igual ou superior a 18 créditos e inferior a 48 créditos, agás que reste menos de 18 créditos para rematar os estudos.
- **Prezo Público:** Contraprestación económica recibida por unha administración pública pola prestación dun determinado servizo.
- **Recoñecemento de créditos:** Consiste na aceptación pola universidade dos créditos que, despois de obterse nunhas ensinanzas oficiais, na mesma ou noutra universidade, son computados noutras distintas para os efectos da obtención dun título oficial. Tamén poderán recoñecerse as actividades universitarias culturais, deportivas, de representación estudantil, solidarias e de cooperación, a experiencia laboral e profesional, os títulos propios e os estudos estranxeiros.
- **Transferencia de créditos:** Consiste na inclusión nos documentos académicos oficiais acreditativos das ensinanzas seguidas por cada estudante da totalidade dos créditos obtidos nos ensinos oficiais cursados con anterioridade, na mesma ou noutra universidade, que non conduzan á obtención dun título oficial. A Universidade transferirá ao expediente académico do seu estudantado, previo pedimento da persoa interesada, os créditos obtidos noutras ensinanzas oficiais.
- **Simultaneidade de estudos:** a realización ao mesmo tempo de dous estudos universitarios oficiais dunha universidade española. Os estudos oficiais poderán ser graos, másters ou doutoramentos.
- **Programas Académicos con Percorridos Sucesivos:** Consiste na vinculación dun grao e dun máster universitario do mesmo ámbito académico e profesional orientado á especialización profesional. Non constitúe unha nova titulación, senón que proporciona itinerarios curriculares específicos que permiten cursar as dúas titulacións oficiais de forma parcialmente simultánea para, unha vez finalizados os estudos, obter ambos títulos.
- **Certificación Supletoria provisional:** Documento que substitúe ao título e goza do idéntico valor que o título oficial. Terá unha validez dun ano dende a emisión da certificación.

III.3. Abreviaturas e siglas

- ABAU: Avaliación do Bacharelato para Acceso á Universidade.
- ANECA : Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación.
- ACSUG: Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia.
- CAM: Comisión Académica do Máster.
- CIUG: Comisión Interuniversitaria de Galicia.
- LERD: Lugar de Entrega e Recollida de Documentación.

- PARS: Programas Académicos con Percorridos Sucesivos.
- PCEO: Programa Conxunto de Estudos Oficiais.
- SET: Suplemento Europeo ao Título.
- SUG: Sistema Universitario de Galicia.

IV DESENVOLVEMENTO

IV.1. Finalidade do proceso

Garantir que a xestión da preinscripción, matrícula e expedición de títulos oficiais se desenvolve de xeito eficaz e eficiente. Ademais inclúe os elementos axeitados de información pública e os mecanismos que permiten a súa mellora continua.

IV.2. Responsable do proceso


- Coordinador/a de Calidade do centro.

IV.3. Indicadores

Para a medición dos resultados asociados a este procedemento terase en conta o panel de indicadores centralizado segundo o establecido no procedemento “*DE-02 Seguimento e Medición*”.

A descrición e o modo de cálculo destes indicadores están definidos no catálogo de indicadores, dispoñible no portal de transparencia da Universidade de Vigo.

IV.4. Diagrama de fluxo



Comentarios


O estudantado con estudos universitarios iniciados nunha universidade española que desexe continuar os mesmos ou outros estudos oficiais de grao na Universidade de Vigo, poderán ser admitidos se cumpren estes requisitos:

- Ter recoñecidos polo menos 30 créditos.
- Cumprir os requisitos establecidos nas normas de permanencia que lle sexan aplicables.
- Non obter o título nos estudos de procedencia con anterioridade ao curso académico para o que se solicita a admisión.


As solicitudes de admisión, realizaranse mediante sede electrónica e serán resoltas polo órgano de dirección do centro de estudos; segundo os criterios de admisión que serán establecidos por cada centro, mediante acordo motivado da Xunta de Centro, e serán publicados na súa páxina web.

Así mesmo, as Xuntas de Centro proporán motivadamente o número máximo de prazas que poderán ser cubertas deste modo, que será polo menos o 2% do total das prazas para o alumnado de novo ingreso.


O estudantado matriculado nunha titulación de grao que se imparte en máis dun centro da Universidade de Vigo poderá solicitar o cambio de centro, segundo o establecido na convocatoria de matrícula. Os centros ofertarán un mínimo de 5% de prazas de novo ingreso, e adxudicarán estes cambios aplicando o procedemento para a admisión que teñan establecido, no prazo indicado na convocatoria de matrícula.




C) MATRICULA NO MÁSTER CONDICIONADA Á OBTENCIÓN DO GRAO OU DUN PARS





D) SIMULTANEIDADE DE ESTUDOS UNIVERSITARIOS OFICIAIS





F) RECOÑECEMENTO DE CRÉDITOS





V ANEXOS

Documentos

Non hai documentos asociados a este procedemento.

Rexistros

Identificación do rexistro		Soporte orixinal	Lugar de arquivo	Responsable da custodia (órgano/posto)	Duración
Código	Denominación				
R1 AC-01	Listaxe de estudantado que solicitou recoñecementos	Electrónico	Aplicación do SGC	Coordinador/a de Calidade do Centro	6 anos